



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Pozo de Pereira Nº 22
15360 - Cariño (A Coruña)
☎ 881960101
ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescaboortegal>



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

ELECCIÓN S PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2022

CONVOCATORIA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022 (DOG do 30 de setembro) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL do IES Cabo Ortegal, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 persoa** entre o PAS, dun total de 1 que poden ter representación no Consello Escolar.
2. O censo electoral está estará exposto no taboleiro de anuncios a partir do 7 de novembro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado á Xunta Electoral, ata ás 14:00 horas do día 15 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderán ser presentadas dende o martes 8 de novembro ata as 14:00 horas do martes 15 de novembro.
4. A mesa electoral estará composta polo Director do centro que actuará como presidente, a secretaria do centro e o membro do citado persoal de maior idade.
5. As votacións realizaranse no IES o día 29 de novembro. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público cinco minutos antes do inicio das votacións.
6. Na papeleta de votación, cada elector fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegable.

7. Finalizada a votación, procederáse ao escrutinio de votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
8. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
9. O conxunto das actas das distintas votacións serán remitidas á Xefatura Territorial segundo o modelo do ANEXO I da Resolución do 19 de setembro de 2022 o venres 2 de decembro.

Cariño, 7 de novembro de 2022

O presidente da Xunta Electoral



Asdo: Manuel Otero Rodríguez

